

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1.1 36614 (10/POC-005812)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre o balance que fai a Consellería do Mar en relación co volume de tráfico comerciais e náuticos rexistrados nos 122 peiraos de titularidade autonómica no período 2013-2017, así como a evolución que presentan no que vai de 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018*
- 1.2 38032 (10/POC-005999)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da empresa Duchess e do  cargac  
adxacentes, en almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada "lugar de importancia comunitario" e inserida na Rede Natura 2000, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen na contorna  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018*
- 1.3 39094 (10/POC-006130)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar que a campaña de libre marisqueo 2018-2019 na ría de Arousa tivese un ano máis un mal resultado, a estratexia seguida pola Consellería do Mar para recuperar as poboacións de moluscos bivalvos nela e as medidas levadas a cabo para rexenerar os bancos marisqueiros, así como as previstas diante da perda de ingresos das persoas mariscadoras pola escaseza de capturas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018*
- 1.4 40160 (10/POC-006265)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha análise referida á situación

actual da cría do percebe, a previsión cara á campaña do Nadal e a necesidade de establecer vedas continuadas dun mínimo de medio ano para recuperar a súa produción, a súa opinión respecto da necesidade de realizar un estudo técnico en relación cos factores que afectan ao crecemento da cría e as medidas concretas que vai levar a cabo para recuperar a produción desa especie  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 387, do 22.11.2018*

- 1.5            40575 (10/POC-006333)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis  
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para potenciar a venda e relación "on line" do comercio tradicional dos produtos do mar co fin de mellorar as súas cifras de venda  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018*
- 1.6            40976 (10/POC-006392)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre os resultados, a situación actual e o custo total do proxecto denominado Videoguard posto en marcha no ano 2014 pola Consellería do Mar para combater o furtivismo na costas galegas, así como a valoración da consellaría ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018*
- 1.7            40980 (10/POC-006393)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018 con cargo ao importe total da partida orzamentaria denominada □ "Axuda inicial a mozos e mozas pescadores" □ do programa 723A, con destino ao programa 723B, <sup>as</sup> "Medidas previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión